

**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2014-2015-2016****OFICIAL FONTANEIRO****ANUNCIO PREVIO Á REALIZACIÓN DA 1ª PROBA:
03/09/2021 ÁS 12.30 HORAS- FRONTÓN CUBERTO DO COMPLEXO DEPORTIVO AS
TRAVESAS DE VIGO****ACCESO E CHAMAMENTO ÚNICO:**

O primeiro exercicio correspondente ao proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Oficial fontaneiro/a celebrarase o vindeiro **venres 3 de setembro, ás 12.30 horas no Frontón cuberto do Complexo Deportivo As Travesas de Vigo.**

Cada opositor/a ten asignado un número que se corresponde co da primeira columna do listado da lista de admitidos/as definitivamente. Comprobe cal é o seu número e memorícelo ou apúnteo.

Para acceder ao Frontón cuberto haberá 2 portas de acceso. Cada aspirante accederá por aquela na que está sinalizado o seu número.

PORTA A: (do 1 ao 19) (ARAUJO -LUGO)

PORTA B: do 20 ao 38 (MARTINEZ-VILA)

DNI E BOLÍGRAFO:

Deberá comparecer para a realización deste primeiro exercicio provisto/a do seu DNI e co seu propio bolígrafo.

Ensinará o DNI estendendo o brazo cara a persoa que realiza o chamamento para facilitar o proceso.

XEL HIDROALCOHÓLICO E MÁSCARA NO MOMENTO DO ACCESO:

No momento do acceso indícaráselle ao/á participante que lave as mans con solución hidroalcohólica. A cada aspirante lle será facilitada unha máscara cirúrxica que deberá substituír pola que leva posta. Desta forma se garante que todas as máscaras utilizadas son conformes á normativa e cumpren os valores requiridos de BFE. Se quere conservar a que leva posta deberá ter previsto como gardala para non atrasar o chamamento.

PROHIBIÓN DE DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS ENCENDIDOS/CONECTADOS DURANTE A REALIZACIÓN DO EXERCICIO:

Infórmase aos/ás aspirantes que durante a realización do primeiro exercicio, todos os **dispositivos electrónicos** (teléfonos móbiles, smartwatches, tablets, etc.) terán que estar **totalmente apagados/desconectados.**

XUSTIFICANTES DE ASISTENCIA:

Aqueles/as aspirantes que precisen un certificado de asistencia, deberán solicitalo por correo electrónico ao enderezo ofi.recursoshumanos@vigo.org e recibirán igualmente por este medio o certificado



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 31/08/2021 12:23

Páxina 1 de 2

Expediente 37241/220

CSV: 24E6D3-D18A48-A5E8DB-2B3RQN-A4ZGWB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Expedientes 37241/220

correspondente.

OUTRAS NORMAS:

Reitéranse as demais medidas de protección fronte ao contaxio da COVID-19 en procesos selectivos no Concello de Vigo contidas no anuncio publicado o 30/08/2021.

A secretaria
(sinatura dixital)

M^a José Loureiro Bada



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 31/08/2021 12:23

Páxina 2 de 2

Expediente 37241/220

CSV: 24E6D3-D18A48-A5E8DB-2B3RQN-A4ZGWB-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>